

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA

VÍDEOS PARA O 11 F, día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

1. SCIENCE GIRL

Cantos anos ten esta nena?

Por que di que a súa asignatura favorita é Ciencia?

Que inventores/ científicos coñecen as nenas entrevistadas? Coñeces ti algún deles? De que che soan? Sabes que descubriron ou inventaron?

Cantos nomes de inventoras ou científicas coñecen as nenas? Por que cres que coñecen nomes de homes e non de mulleres? Por que cres que na escola non se estudan apenas mulleres científicas? Cantas podes nomear ti?

Aquí é interesante estar pendente de se as intervencións van cara a que as mulleres inventaron menos cousas, salientar que foi debido a que en moitos ámbitos non se lles permitía participar; que naqueles nos que inventaron ou descubriron moitas cousas, o descubrimento poñíase a nome do home ou a propia historia se encargou de borrar o nome de moitas.

A última rapaza en falar di que “nunca notara que na escola todos os inventores eran masculinos”. Pode abrirse un debate sobre se alumnos e alumnas o notaran, e se pensan que afecta igual ás nenas e aos nenos o feito de que todos os que se estudan sexan homes (para o profesorado é interesante observar se opinan igual alumnas e alumnos). É importante que se faga fincapé na necesidade de ter “referentes” femininos para as nenas, xa que se non coñeces científicas, é difícil que te imaxines de científica.

Que compañía realizou o vídeo? Por que Microsoft realiza vídeos coma este? Falar de que no futuro os traballos máis cualificados estarán relacionados coa ciencia e a tecnoloxía, e que a metade do talento do mundo, o talento feminino, estase desaproveitando porque as nenas non se lles anima a que estuden materias científicas.

2. NENAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Cal é a idea principal deste vídeo? A quen está dirixido?

É importante que tomen conciencia de como pequenos xestos ben intencionados, ou cando menos non mal intencionados, levan a incentivar menos ás nenas a que experimenten con situacións descoñecidas ou potencialmente arriscadas, que exploren o mundo, que alimenten a súa curiosidade “manipulativa”.

Responder a preguntas do tipo

Como se dirixen as persoas adultas ás nenas en todo momento? Linda, preciosa, querida...

Que potencial científica se está a perder en cada situación que describen? (Xeóloga, exploradora, bióloga mariña, enxeñeira aeroespacial...).

Reflexionar como o feito de non ter “reforzos positivos” fará a medio prazo que a nena do vídeo chegue a adolescencia sen ter interese na ciencia. Que fai diante do cartel da Feira Científica do instituto? Que mensaxe tenta transmitir ese xesto de pintarse os beizos diante do cartel? Ten algo que ver con tanto “linda, preciosa, bonita” ao longo da súa vida?

Reforzase máis no día a día a preocupación das nenas polo seu aspecto físico que a súa curiosidade “científica”? Cres que a proposta de “digámoslles máis veces brillante, intelixente, creativa” tería efecto na súa seguridade e no seu interese no ámbito científico?

3. COUSAS QUE NON SABÍAS QUE FOSEN INVENTADAS POR MULLERES

Vese o vídeo un par de veces. A segunda vez pídeselles que escollan unha cousa que lles sorprenda que sexa inventada por unha muller e unha cousa que non lles sorprende.

Previsiblemente, aquelas que son consideradas do ámbito das tarefas femininas serán as escollidas como “non sorprenden”. É importante observar como aqueles inventos asociados á esfera doméstica considéranse moitas veces inventos menores – como o “baño María”- sen ser quen de valorar as melloras enormes que supuxo na vida de moitas mulleres e homes, ou descoñecendo o alcance das aplicacións do descubrimento.

Cómpre salientar que moitas mulleres que fixeron inventos e descubrimentos do ámbito doméstico ou das tarefas consideradas femininas, eran mulleres moi creativas que inventaron alí onde estaban; que de estaren noutros ámbitos terían inventado outras cousas coa súa creatividade, e que son, efectivamente, exemplos de talento pouco aproveitado –pola limitación de ámbitos aos que están expostas as mulleres (máis aínda no pasado, evidentemente).

Animar a cada nena e neno a explicar a importancia dos inventos que escolleron como sorprendentemente realizados por mulleres, buscando información sobre as súas aplicacións ou o propio proceso de invención. Tamén poden investigar, como tarefa para casa, sobre a muller que inventou o obxecto que escolleran.

Pódese realizar un mural cos inventos de todas estas mulleres....

4. SCIENCE IS A GIRL THING

Este vídeo ten unha historia sorprendente- en pleno século XXI- detrás. Presentouse no ano 2014 como unha campaña da Unión Europea para animar as adolescentes a estudiaren materias científicas. En menos dunha semana tivo que ser retirado polas críticas polo seu contido indiscutiblemente sexista.

Trátase de animar a alumnas e alumnos a analizar por que este vídeo foi considerado sexista (mozas caracterizadas de xeito hipersexualizado, inventando pintalabios e maquillaxe...).

A idea que dicían querer combater as mentes iluminadas que crearon este vídeo para a Unión Europea, e as persoas responsables políticas que lle deron o visto bó, era a suposición de que as nenas non están interesadas na ciencia porque consideran que lles resta “feminidade”, atractivo, éxito entre os rapaces... Unha rapaza “lista” pode ser tamén atractiva...pero unha que “se pasa de lista”, non.

5. e 6. ANUNCIOS DE XOGUETES GOLDIE-BLOX

Visionamos os anuncios e preguntamos pola mensaxe en ambos. Pregúntaselles se consideran que xogando apréndense cousas ou só se trata de entretemento...Conluír coa importancia de animar a nenas e nenos a xogar a todo tipo de cousas...Cando a unha nena se lle regala unha vasoira, non só aprende a varrer- o cal é bo, na vida hai que saber varrer- senon que aprende que ela é a encargada de varrer-porque a un neno non se lle regala-.

Animarlles a que falen dos xoguetes que recibían de máis cativos, prestando especial atención a aqueles de carácter científico. Observar se a distribución por sexo é idéntica ou hai nesgo de xénero.